

*Resolución do 14 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e aproban as bases para o desenvolvemento de seminarios de baile, música e cociña galega en colaboración coas entidades galegas do exterior, e se procede a súa convocatoria para o ano 2010.*

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no título preliminar, no seu artigo 7, o dereito das comunidades galegas de fóra de Galicia a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

A Secretaría Xeral da Emigración, centro directivo que segundo o Decreto 82/2009, do 19 de abril, depende funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o órgano a que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, e as relacións coas comunidades galegas no exterior, en virtude do disposto no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración, co obxectivo de potenciar os costumes e tradicións galegos e posibilitar que os galegos que residen no exterior manteñan os vínculos coa cultura de Galicia, convoca os distintos programas formativos de baile, música tradicional e cociña galega, que se realizarán nas entidades galegas do exterior, de xeito que se manteña viva a nosa identidade e se promocióne a nosa cultura na Galicia exterior.

As comunidades galegas, centros e casas de Galicia no exterior son asociacións en que tradicionalmente se reúnen os emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e reforzar os lazos sociais e culturais. Ao redor destas asociacións reúnense un gran número de galegos residentes no exterior e son os axentes principais polos que Galicia fomenta a súa cultura, e contan na súa maioría con instalacións propias para a organización de actividades para o seu fomento.

En virtude da desconcentración de competencias que me atribúe a disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, pola que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e con cargo aos créditos asignados a esta finalidade no exercicio 2010, consonte o establecido na Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude,

#### **RESOLVO:**

##### **Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta resolución ten por obxecto establecer e aprobar as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e as entidades galegas no exterior para a realización de seminarios de baile, música, actividades artesanais e cociña

galega; igualmente, ten por obxecto proceder á convocatoria destes seminarios no ano 2010.

##### **Artigo 2º.-Programas convocados.**

a) Programa de baile, música tradicional galega e outros que desenvolvan actividades artesanais tradicionais de carácter sociocultural. Este programa constará das seguintes modalidades:

- Seminarios de baile.
- Seminarios de gaita.
- Seminarios de percusión.
- Seminarios de pandeireta e canto.
- Seminarios de carácter artesanal en función das propostas presentadas polas entidades.

b) Programa de cociña galega. Este programa consta dunha única modalidade:

- Seminarios de cociña galega.

##### **Artigo 3º.-Orzamento.**

Na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010, na aplicación orzamentaria 40.50.312C.226.07, actuacións derivadas da Lei de galegitude, existe partida orzamentaria para a convocatoria que se establece nesta resolución, reservándose para tal efecto un crédito de 90.000 €, que poderá incrementarse segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

##### **Artigo 4º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.**

As entidades galegas presentarán as solicitudes xunto co resto da documentación na Secretaría Xeral da Emigración (rúa Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela-A Coruña), na Delegación da Xunta de Galicia de Bos Aires (República Arxentina), na Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo (Uruguai), ou ben en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo fose sábado ou inhábil, o prazo prorrogarase ata o seguinte día hábil.

##### **Artigo 5º.-Bases.**

As bases comúns e as específicas para cada un dos dous programas incorpóranse como anexo I a esta resolución.

##### **Artigo 6º.-Custos e indemnizacións.**

Os custos e as indemnizacións por actividade de que se fará cargo a Secretaría Xeral da Emigración nesta convocatoria serán:

##### **1. Retribucións dos profesores:**

- España e Portugal: 900 €.
- Europa, América e Oceanía: 1.100 €.

2. Custo de 900 € para a adquisición de alimentos nos seminarios de cociña.

3. Custo de indemnización de 100 € aos profesores por anulación dun seminario por causas non imputables a eles e unha vez adxudicado.

4. Custo do billete de desprazamento do profesor ata o lugar de realización do seminario nun medio de transporte público en clase turista.

#### Artigo 7º.-*Recursos.*

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2010.

J. Santiago Camba Bouzas  
Secretario xeral da Emigración

### ANEXO I

#### Bases para a organización de seminarios de baile e música tradicional, obradoiros artesanais e cociña galega

##### CAPÍTULO I

##### CARACTERÍSTICAS COMÚNS AOS DOUS PROGRAMAS

#### Primeira.-*Solicitudes.*

Poderán solicitar a organización destes seminarios as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador, así como as asociacións inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas ou ben unha agrupación, federación ou unión destas entidades, co fin de poñer en común os medios e recursos dispoñibles.

As entidades galegas deberán solicitar por orde de prioridade os seminarios tendo en conta que se concederá un seminario por entidade, coa posibilidade de incrementar o número de seminarios concedidos a cada entidade de acordo cos criterios de valoración, a dispoñibilidade orzamentaria e o número de entidades solicitantes.

No caso de que a solicitude e/ou a documentación presentada por unha entidade fose incompleta, a Secretaría Xeral da Emigración requirirá para que no prazo de dez días emende a súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicándolle que, se non o fixese, se considerará que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Segunda.-*Desenvolvemento.*

Estes programas serán de formación intensiva e de carácter participativo. Os programas desenvolveranse nas instalacións das entidades galegas e a formación será impartida por profesionais con experiencia nas distintas modalidades.

Serán estas entidades as que propoñan os posibles participantes do seminario entre os galegos ou descendentes de galegos, así como aquelas persoas interesadas no feito cultural de Galicia ou que participen nas actividades da asociación.

O profesor será designado pola Secretaría Xeral da Emigración de conformidade co establecido na correspondente resolución en que se establece a convocatoria para inscribirse como formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia, promovidos por esta secretaria xeral.

#### Terceira.-*Procedemento e criterios de selección.*

Os expedientes serán avaliados por un órgano Colexiado, que será o órgano instrutor, que formulará a correspondente proposta ao secretario xeral da Emigración.

O dito órgano Colexiado estará formado polo subdirector xeral de Programas Sociais, ou pola persoa en quen este delegue, e dous funcionarios da Secretaría Xeral da Emigración.

#### Cuarta.-*Resolución.*

A Secretaría Xeral da Emigración ditará a correspondente resolución baseándose nos seguintes criterios:

-Valoración acadada pola proposta segundo os criterios establecidos na base décimo segunda deste anexo.

-Non ter organizado seminarios similares en convocatorias anteriores.

-Orde de presentación de solicitudes.

Como resultado da aplicación destes criterios obterase unha relación ordenada de todos os solicitantes que cumpran coas condicións establecidas para adquirir a condición de seleccionado, con indicación da puntuación outorgada a cada un deles. O crédito dispoñible na convocatoria asignarase por orde segundo a referida listaxe comezando polos solicitantes que obtivesen a maior puntuación ata o esgotamento do crédito.

As resolucións serán notificadas ás entidades galegas solicitantes. Así mesmo, publicarase na páxina web ([www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com)) a relación de seminarios concedidos.

O prazo máximo para resolver será de tres meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez acordados entre a Secretaría Xeral da Emigración e as entidades seleccionadas os termos concretos en que se van organizar os seminarios, formalizaranse nun anexo que se incorporará á correspondente resolución.

*Quinta.-Seguimento.*

Os programas convocados estarán sometidos ao seguinte seguimento e control:

-A solicitude do seminario supón o compromiso de aceptar que a Secretaría Xeral da Emigración efectúe as comprobacións que considere necesarias para asegurar o cumprimento do contido e condicións do programa.

-As entidades participantes quedan obrigadas a comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración calquera posible alteración das circunstancias orixinais, e poderá esta secretaría modificar a súa resolución.

-Ao remate do seminario, a entidade remitirá á Secretaría Xeral da Emigración unha memoria informativa e acreditativa sobre o seu desenvolvemento.

-A Secretaría Xeral da Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento dos programas recollidos nesta resolución. Para realizar estas funcións poderán utilizarse cantos medios estean á disposición da Secretaría Xeral da Emigración para comprobar os requisitos exixidos nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal as entidades galegas e as persoas a que van dirixidos os programas regulados nesta resolución prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

-O incumprimento por parte das entidades adjudicatarias dos seminarios das condicións impostas co motivo da concesión comportará a imposibilidade de ser beneficiario deste tipo de programa nas dúas seguintes convocatorias.

*Sexta.-Financiamento dos programas.*

A Secretaría Xeral da Emigración e as entidades galegas faranse cargo dos custos necesarios para o desenvolvemento dos seminarios:

a) A Secretaria Xeral da Emigración farase cargo dos seguintes custos:

-Da remuneración do formador.

-Do custo do desprazamento do formador ao lugar de realización do seminario.

-Do custo do material necesario para impartir os seminarios de cocíña e, se é o caso, do seu envío.

b) As entidades galegas faranse cargo:

-Con carácter ordinario, dos custos de estadía e manutención do formador agás en casos excepcionais.

-Gastos de traslados do formador dentro da cidade onde vai ter lugar o seminario.

-Da xestión e dotación das instalacións axeitadas

-Da subministración doutro material funxible necesario.

*Sétima.-Recursos.*

As resolucións serán ditadas polo secretario xeral da Emigración e notificadas ás entidades galegas solicitantes. Así mesmo, publicarase na páxina web ([www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com)) a relación de seminarios concedidos.

O prazo máximo para resolver será de tres meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

CAPÍTULO II

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE BAILE, MÚSICA TRADICIONAL GALEGA E OUTROS DE CARÁCTER ARTESANAL

*Oitava.-Solicitantes.*

Estes seminarios están dirixidos ás entidades que teñan grupo folclórico ou vontade de crealo, así como aquelas entidades que teñan un grupo de persoas que se dediquen a desenvolver actividades artesanais e cumpran os requisitos comúns especificados na base primeira do capítulo I.

*Novena.-Características dos seminarios convocados.*

-Terán unha duración de 15 días intensivos e o horario das clases axustarase ás necesidades dos solicitantes cunha duración de 40 horas.

-O número de participantes non será inferior a 15 alumnos. En casos excepcionais debidamente xustificadas poderanse desenvolver seminarios cun número inferior de alumnos, tendo en conta a situación do centro, número de emigrantes galegos na cidade e ano de creación dos grupos.

*Décima.-Documentación.*

As entidades interesadas na organización dun seminario solicitarán a súa organización e achegarán a seguinte documentación:

a) Solicitude da entidade ou agrupación de entidades segundo o modelo do anexo A desta resolución.

b) Relación nominal dos participantes preinscritos en que constarán apelidos e nome, número do DNI ou do pasaporte e idade dos solicitantes.

c) Memoria en que se especifiquen instalacións propostas para a realización do seminario, descrición do material para a realización do seminario e datas propostas.

No caso dos seminarios de música e baile especificarase, ademais, a composición do grupo folclórico, currículo e traxectoria profesional e actuacións realizadas nos dous últimos anos.

Para os seminarios de carácter artesanal xustificase o carácter tradicional da actividade e a oportunidade da súa realización.

*Décimo primeira.-Criterios de selección.*

Os criterios de valoración para a concesión dos seminarios serán os que se sinalan a continuación:

1. Número de persoas solicitantes do seminario (ata 20 puntos).

Entre 15 e 30: ata 10 puntos.

Máis de 30: entre 11 e 20 puntos.

2. Número de persoas galegas preinscritas para o seminario (ata 30 puntos).

Máis de 5 e ata o 50% do total de solicitantes: ata 10 puntos.

Máis do 50% ata o 80%: de 11 a 20 puntos.

Máis do 80%: de 21 a 30 puntos.

3. Valoración da memoria presentada (ata 50 puntos).

-A maior antigüidade do grupo: ata 10 puntos.

-Participación en exposicións, concertos e feiras artesanais: ata 10 puntos.

-Non ter participado en convocatorias anteriores: ata 10 puntos.

-Instalacións propostas para a realización do seminario: ata 10 puntos.

-Material con que conta a entidade para impartir os seminarios: ata 10 puntos.

## CAPÍTULO III

## BASES ESPECÍFICAS PARA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE COCIÑA GALEGA

*Décimo segunda.-As características dos seminarios de cociña galega son as seguintes.*

-Terán unha duración máxima dunha semana e de 20 horas semanais.

-O número de participantes non será inferior a 20 alumnos por seminario. En casos excepcionais debidamente xustificadas poderanse desenvolver seminarios cun número inferior de alumnos, tendo en conta a situación do centro, número de emigrantes galegos na cidade e ano de creación dos grupos.

-Nestes seminarios farase promoción dos produtos de calidade de Galicia, con especial atención a aqueles correspondentes ás denominacións de orixe cualificadas.

*Décimo terceira.-Documentación.*

A documentación necesaria para solicitar a participación neste programa será:

-Solicitude da entidade galega segundo o modelo do anexo B desta resolución.

-Relación nominal dos participantes preinscritos en que constarán apelidos e nome, número do DNI ou do pasaporte e idade dos solicitantes.

-Memoria das actividades realizadas nos dous últimos anos con motivo da difusión da cociña galega en que se especifiquen instalacións propostas para a realización do seminario, descrición do material para a realización e datas para a súa realización.

*Décimo cuarta.-Criterios de selección.*

Os criterios de valoración para o outorgamento dos seminarios serán os que se sinalan a continuación:

1. Número de persoas solicitantes do seminario (ata 20 puntos).

Entre 15 e 30: ata 10 puntos.

Máis de 30: entre 11 e 20 puntos.

2. Número de persoas galegas preinscritas para o seminario (ata 30 puntos).

Máis de 5 e ata o 50% do total de solicitantes: ata 10 puntos.

Máis do 50% ata o 80%: de 11 a 20 puntos.

Máis do 80%: de 21 a 30 puntos.

3. Valoración da memoria presentada (ata 50 puntos).

-A maior antigüidade do grupo: ata 10 puntos.

-Actividades realizadas a favor da difusión da cociña galega: ata 10 puntos.

-Non ter participado en convocatorias anteriores: ata 10 puntos.

-Instalacións propostas para a realización do seminario: ata 10 puntos.

-Material co que conta a entidade para impartir o seminario: ata 10 puntos.



**XUNTA DE GALICIA**  
**PRESIDENCIA**  
 Secretaría Xeral de Emigración

*ANEXO A*

PROCEDEMENTO <b>SEMINARIOS DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL GALEGA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR923C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME DA ENTIDADE		
[ ]		
ENDEREZO: RÚA E NÚMERO		CÓDIGO POSTAL
[ ]		[ ]
CIDADE	PAÍS	
[ ]	[ ]	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
[ ]	[ ]	[ ]

**DATOS DO SEMINARIO**

<input type="checkbox"/> Seminario de baile:	DATAS	[ ]	<input type="checkbox"/> Seminario de gaita:	DATAS	[ ]
<input type="checkbox"/> Seminario de percusión:	DATAS	[ ]	<input type="checkbox"/> Seminario de pandeireta e canto:	DATAS	[ ]
<input type="checkbox"/> Outros de carácter artesanal: Encaixe de palillos	DATAS	[ ]	<b>(No caso de solicitar varias modalidades márchese nos cadros do 1 ao 4 segundo a orde de prioridade)</b>		
OBSERVACIÓNS					
[ ]					

**DATOS DO COORDINADOR DESIGNADO POLA ENTIDADE**

APELIDOS		NOME	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO: RÚA E NÚMERO			CÓDIGO POSTAL
[ ]			[ ]
CIDADE	PAÍS		
[ ]	[ ]		
TELÉFONO DO DOMICILIO	TELÉFONO DO TRABALLO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
HORARIO DE LOCALIZACIÓN NO DOMICILIO		HORARIO DE LOCALIZACIÓN NO TRABALLO	
[ ]		[ ]	

**GRUPO FOLCLÓRICO**

NOME				
[ ]				
<b>DATOS</b>	<b>BAILE</b>	<b>GAITA</b>	<b>PERCUSIÓN</b>	<b>PANDEIRETA E CANTO</b>
<b>Nº DE ASISTENTES ÁS CLASES</b>	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
<b>IDADE MEDIA</b>	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/A PRESIDENTE/A \_\_\_\_\_ SELO DA ENTIDADE \_\_\_\_\_ O/A SECRETARIO/A \_\_\_\_\_

Nome e apelidos

Asdo.: \_\_\_\_\_ Asdo.: \_\_\_\_\_

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta secretaria xeral como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Resolución do 14 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regulan e aproban as bases para o desenvolvemento de seminarios de baile, música e cociña galega en colaboración coas entidades galegas do exterior, e se procede a súa convocatoria para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
_____, de _____ de _____	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA



**MEMORIA**

COMPOSICIÓN DO GRUPO FOLCLÓRICO

[Empty box for composition of the folk group]

CURRÍCULO

[Empty box for curriculum]

TRAXECTORIA PROFESIONAL

[Empty box for professional trajectory]

ACTUACIÓNS REALIZADAS NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS

[Empty box for actions in the last two years]

*Lugar e data*

, de de

VISTO E PRACE  
O/A PRESIDENTE/A

SELO DA ENTIDADE

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:

*Nome e apelidos*

Asdo.:

*Nome e apelidos*



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Emigración

## ANEXO B

PROCEDEMENTO <b>SEMINARIO DE COCIÑA GALEGA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR923F</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DA ENTIDADE

NOME DA ENTIDADE			
<input type="text"/>			
ENDEREZO: RÚA E NÚMERO			CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>			<input type="text"/>
CIDADE		PAÍS	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	Nº TOTAL DE SOCIOS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## DATOS DO SEMINARIO

DATAS PREFERENTES DE REALIZACIÓN	LUGAR DE REALIZACIÓN	NÚMERO DE GRUPOS	NÚMERO DE ALUMNOS PREVISTOS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ACTIVIDADE SOLICITADA			
<input type="text"/>			
<b>MEDIOS DE PROPAGANDA PARA A SÚA DIFUSIÓN</b>			
<input type="checkbox"/> Taboleiro do centro	<input type="checkbox"/> Prensa	<input type="checkbox"/> Radio	<input type="checkbox"/> Televisión
		<input type="checkbox"/> Outros	

## DATOS DO COORDINADOR DESIGNADO POLA ENTIDADE

APELIDOS		NOME	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO: RÚA E NÚMERO			CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>			<input type="text"/>
CIDADE		PAÍS	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TELÉFONO DO DOMICILIO	TELÉFONO DO TRABALLO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
HORARIO DE LOCALIZACIÓN NO DOMICILIO		HORARIO DE LOCALIZACIÓN NO TRABALLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta secretaría xeral como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

<i>Lugar e data</i>		
_____	, de _____	de _____
O/A PRESIDENTE/A	SELO DA ENTIDADE	O/A SECRETARIO/A
<i>Nome e apelidos</i>		<i>Nome e apelidos</i>
Asdo.:		Asdo.:

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 14 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e aproban as bases para o desenvolvemento de seminarios de baile, música e cocina galega en colaboración coas entidades galegas do exterior, e se procede a súa convocatoria para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
_____	<input type="text"/>	____/____/____
_____ de _____ de _____	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	<input type="text"/>	____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____



**Memoria das actividades realizadas nos dous últimos anos, con motivo da difusión da cociña tradicional galega**



*Lugar e data*

, de de

VISTO E PRACE  
O/A PRESIDENTE/A

SELO DA ENTIDADE

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:

*Nome e apelidos*

Asdo.:

*Nome e apelidos*